

Informe Cuadrimestral nº 46 (Setembro-December de 2019)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de setembro a decembro de 2019 relacionados coa ETSE. Durante este período celebrouse unha Xuntas de Escola ordinarias o día 19 de decembro.

Persoal

16 de outubro. Incorporación como Profesor Axudante Doutor da Área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores de Pablo Quesada Barriuso.

Asuntos académicos

31 de outubro. Defensa da Tese de Doutoramento de D. Guilherme Rodrigues Braz que leva por título: *Influence of organic and microbial load on the microbiome of sewage sludge anaerobic reactors*, dirixida polos nosos compañeiros, a prof. Marta Carballa Arcos e o prof. Juan Manuel Lema Rodicio.

31 de outubro. Charla presentación do programa de Prácticas en Empresa para o curso 2019-20 a cargo do Coordinador Xeral de Prácticas Francisco Omil Prieto e de Eduardo Sánchez Vila coordinador para o Grao de Enxeñaría Informática e Ramón Moreira Martínez coordinador para o Grao de Enxeñaría Química.

31 de outubro. Premio á Calidade Lingüística na modalidade Traballo Fin de Grao o traballo da área de Enxeñarías, *Ferramenta de control transparente dos accesos a ficheiros de programas Linux mediante a virtualización parcial do sistema de ficheiros*, de Jaime Mosquera Rivas, pertencente ao grao en Enxeñaría Informática. O TFG está dirixido polo profesor Francisco Fernández Rivera.

7 de novembro. Charla presentación da Aula Profesional, Itinerario Cursos e Seminarios a cargo do coordinador Francisco Omil Prieto.

7 de novembro. Charla informativa sobre o TFG de Grao en Enxeñaría Informática a cargo do presidente da comisión de Traballos fin de grao en Enxeñaría Informática, Jesús Rodríguez Presedo.

7 de novembro. Visita do persoal de diversas universidades socias do programa Erasmus+ International Credit Mobility [KA107], dentro da *4th International Staff Week*, coordinada polo Responsable Académico de Mobilidade, José Varela Pet.

14 de novembro. Charla informativa sobre a convocatoria Erasmus 2020-21 a cargo do Responsable Académico de Mobilidade, José Varela Pet.

21 de novembro. Publicación da convocatoria de prácticas en empresa para o 2º cuatrimestre para os alumnos do Grao en Enxeñaría Química.

3 de decembro. Defensa da Tese de Doutoramento de Dona Helena Peñas González que leva por título: *Solvent-based approaches to evaluate the ABE extractive fermentation*, dirixida polo prof. D. Juan Manuel Lema Rodicio e o investigador D. Thelmo Alejandro Lu Chau.

3 de decembro. Publicación da convocatoria de prácticas en empresa para o 2º cuatrimestre e verán para os alumnos de Grao en Enxeñaría Informática.

4 de decembro. Publicación da proposta de premios extraordinarios en Grao e Máster das promocións do curso 2018-19: Daniel González Picallo e Sofía Estévez Rivadulla (Grao en Enxeñaría Química); Jacobo Casas Ramos e Marcos Fernández Pichel (Grao en Enxeñaría Informática); Marina Barreira Díaz (Máster en Enxeñaría Ambiental); Jorge González Rodríguez (Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos); Lorenzo Vaquero Otal (Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data); Alberto Manuel Esmoris Pena (Máster en Computación de Altas Prestacións).

4 de decembro. Publicación da convocatoria de intercambios Erasmus na Etse.

5 de decembro. Aprobación dos premios extraordinarios de doutoramento do curso 2017-18 polo Consello de Goberno correspondendo na área de Enxeñaría e Arquitectura ás alumnas do programa de doutoramento do departamento de Enxeñaría Química Laura Roibás Cela e Iria Rodríguez Escontrela.

13 de decembro. Defensa da Tese de Doutoramento de Dona Alba Pedrouso Fuentes que leva por título: *Assessment of the nitrification and anammox processes for mainstream wastewater treatment*, dirixida polas profs. Dona Anuska Mosquera Corral e dona M^a Ángeles Val del Río e polo prof. D. Ramón Méndez Pampín.

16 de decembro. Defensa da Tese de Doutoramento de Don Andrés Gutierrez Pichel que leva por título: *Evaluation of nitrogen elimination in anammox granular system for the treatment of industrial wastewater effluents*, dirixida polas profs. Dona Anuska Mosquera Corral e dona M^a Ángeles Val del Río e polo prof. D. Ramón Méndez Pampín

18 de decembro. XII Foro de Empresas para Enxeñaría Informática. Organizado polo coordinador de prácticas Eduardo Sánchez Vila.

19 de decembro. Defensa da Tese de Doutoramento de Don Antón Taboada Santos que leva por título: *A comparison of novel and conventional sewage treatment plants in terms of energy requirements, operational costs and organic micropollutants removal*, dirixida por D. Juan Manuel Lema Rodicio e Dona Marta Carballa Arcos.

Actividades

27 de setembro. Conferencia de Manuel Palomar, catedrático de Linguaxes e Sistemas Informáticos na Universidad de Alicante, titulada 'O futuro das Tecnoloxías da Linguaxe Humana'. CITIUS

8 de outubro. segunda reunión da Acción Marie Curie – European Joint Doctorates 'NOWELTIES' na que a USC é socia pola participación do Grupo de Biotecnoloxía Ambiental (Biogroup) xunto con outras universidades de seis países europeos.

9 de outubro. Feira de Biotecnoloxía do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

7 ao 11 de outubro. Primeira acción formativa (training school) de NOWELTIES, sobre o tratamento e recuperación de recursos de augas residuais dirixida ao alumnado de doutoramento do citado proxecto. Neste curso, coordinado polo catedrático Francisco Omil e a investigadora Sonia Suárez do Instituto CRETUS, están implicados 18 profesores das universidades de Santiago de Compostela, da Universidade Técnica de Aachen e a de Munich (Alemaña), da Universidade de Ferrata (Italia) e dos centros tecnolóxicos ICRA e Cetaqua.

7 de novembro. Presentación do semestre de mobilidade do Grao en Enxeñaría Química no CIMUS pola Coordinadora do Grao en Enxeñaría Química, Anuska Mosquera Corral, dentro da Erasmus+ International Credit Mobility, 4th INTERNATIONAL STAFF WEEK que tivo lugar entre os días 4 e 8 de novembro de 2019.

12 e 14 de novembro. Formación dirixida aos equipos de emerxencias do Plan de Autoprotección, obrigatoria para os seus membros: traballadores/as da Escola (PAS, Profesorado e persoal investigador) e profesorado doutros centros que imparte docencia na ETSE.

4 de decembro. Simulacro de evacuación do centro.

11 de decembro. Visita do persoal do Servizo de Prevención de Riscos á Escola para realizar o control das condicións de traballo correspondente ao segundo semestre de 2019.

13 de decembro. Seminario Técnico “What’s next in wastewater treatment”, organizado polo Programa de Doutoramento de Enxeñaría Química e Ambiental.

16 de decembro. Presentación "Uso de nuevas herramientas moleculares en la mejora del funcionamiento de los sistemas de tratamiento de agua residual" impartida polo Dr. David Correa Galeote, Investigador no “Instituto del Agua-Departamento de Microbiología” da Universidad de Granada. Organizada polo Programa de Doutoramento de Enxeñaría Química e Ambiental.

18 de decembro. Reunión informativa sobre o simulacro de emerxencia co persoal do Servizo de Prevención de Riscos e o Xefe de Bombeiros, dirixida a PDI, PAS e Persoal Investigador.

Aula Profesional

25 de novembro. Válvulas en servizos severos. Organizado por ISA-USC e coordinado pola profesora Isabel Vidal Tato. Poñente: Antonio Campo. Enxeñeiro Técnico en Electrónica Industrial.

28 de novembro. Altia Techday. Conferencia organizada pola empresa Altia e coordinada polo profesor Antonio Mosquera González: “Lean Software Development” impartida por Dani Turiño.

10, 11 e 12 de decembro. Celebración das xornadas realizadas na ETSE no marco da Conferencia do Clima COP25 CHILE MADRID 2019, organizadas polo Subdirector e o Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental, Francisco Omil, e pola Xestora Tecnolóxica do Instituto CRETUS Sonia Suárez: “A relación causa e efecto entre os incendios forestais e o cambio climático”, relatores Felipe Macías Vázquez e Gonzalo Míguez Macho (CRETUS); “Os océanos, de amortecedores do cambio climático a acumuladores de residuos en grandes illas de plástico”, relatores María Loureiro García (USC) e Vicente Pérez Muñuzuri (CRETUS); “A pegada de carbono na depuración de augas residuais”, relatores Francisco Omil (CRETUS) e Yago Loureiro (CETAQUA).

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

EPTISA	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
BIOETANOL GALICIA	TODAS USC
TROPOSFERA	TODAS USC
SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA	GRAO EN ENXEÑARÍA INFORMÁTICA
AGUAS DE CABREIROÁ	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
CEMENTOS COSMOS	TODAS USC
REDEGAL	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
PREFAPP CLOUD CONSULTING S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática

Visitas a empresas e prácticas de campo

10 de outubro. Visita a Bioetanol Galicia, Teixeiro (A Coruña) dos alumnos das materias “Biocatálise”, “Bioprocesos” e “Bioenxeñaría” do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, coas profesoras Trinidad de Miguel Bouzas e Cristina Díaz.

16 de outubro. Visita ás Minas de Touro dos alumnos da materia “Avaliación de Impacto Ambiental” do Máster en Enxeñaría Ambiental, co profesor Xosé Luis Otero Pérez.

18 de outubro. Visita ás Fragas do Eume dos alumnos da materia “Planificación de Sistemas Naturais” do Máster en Enxeñaría Ambiental, co profesor Alberto Rojo Alboreca.

22 de outubro. Visita á Casa das Insuas, Rábade (Lugo), dos alumnos da materia “Planificación de Sistemas Naturais” do Máster en Enxeñaría Ambiental, co profesor Alberto Rojo Alboreca.

5, 6 e 7 de novembro. Visita á ETAP do Río Tambre, dos alumnos das materias “Transporte de Fluídos” e “Electrotecnia” do Grao en Enxeñaría Química, cos profesores Ana Soto Campos, Juan M. Garrido Fernández e Angeles Val del Río.

15 e 22 de novembro. Visita a Reganosa, Mugardos, dos alumnos da materia “Proxectos e Deseño de Instalacións” do Grao en Enxeñaría Química coas profesoras Sonia Freire Leira e Amaya Franco Uría.

3 de decembro. Visita a Refinería Repsol dos alumnos da materia “Deseño Conceptual de Procesos” do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos co profesor Héctor Rodríguez Martínez.

12 de decembro. Visita a Endesa, As Pontes, dos alumnos da materia “Enerxética Industrial” do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos co profesor José Antonio Souto González.

Outros

23 de setembro. O Director recibe un Diploma de Recoñecemento de Boas Prácticas á actividade da ETSE de mans do Vicerreitor de Planificación e Proxección Estratéxica.

8 de outubro. Entrega da Medalla de Investigación “Isidro Parga Pondal” da Real Academia Galega de Ciencias a M^a Teresa Moreira Vilar, catedrática do departamento de Enxeñaría Química.

25 de outubro. Fallouse o premio da XII edición do Premio ao mellor Proxecto Universitario con Licenza Libre convocado polo CIXUG coa colaboración da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega): Marcos Fernández Pichel gañou o segundo premio polo proxecto eXtream: plataforma Big Data.

5 de decembro. Aprobación polo Consello de Goberno do convenio de dobre titulación USC-Pontificia Universidad Católica de Valparaíso (Chile) para o Máster de Enxeñaría Química e Bioprocesos.